

Juana

JUANA DE IBARBOUROU
_DOCENCIA

OBRADOIROS_RESIDENCIA
ARTÍSTICA_PERFORMANCE

P O E S Í A
D A N Z A
M Ú S I C A
C R E A C I Ó N
E S C É N I C A

ESPECTÁCULO 29 ABRIL 2018
VIMIANZO, AUDITORIO MUNICIPAL 19 H

INSCRIPCIÓN OBRADOIROS ABRIL 2018:

RIANXO	VENRES 13, SÁBADO 14
OLEIROS	VENRES 20, SÁBADO 21
ORTIGUEIRA	LUNS 23, MARTES 24
VIMIANZO	VENRES 27, SÁBADO 28

SOBRE TEXTOS DE JUANA DE IBARBOUROU, ROSALÍA DE CASTRO E MARINA OURAL
MARINA OURAL VILLAPOL_MOV (GALIZA). IDEA ORIXINAL. DIRECCIÓN, TEXTOS E VOZ: CHEFA ALONSO
(GALIZA-MADRID) DIRECCIÓN MUSICAL, SAXO SOPRANO E PERCUSIÓN MIÚDA: MÓNICA COFIÑO (ASTU-
RIAS) DIRECCIÓN ESCÉNICA: IRENE ÁLVAREZ COTO (ASTURIAS-CÁDIZ) DANZA E COREOGRAFÍA: RAMÓN
PEÑA GÓMEZ (GALIZA) BATERÍA E VOZ; JORGE FRÍAS DE LA UZ (MADRID) CONTRABAIXO

+ INFO:
FOLQUE.COM




PROMOVE



PRODUCE



COLABORAN



JUANA_DOCENCIA
PREMIO “LUISA VILLALTA”
DE PROXECTOS CULTURAI S POLA IGUALDADE
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Dirixe: Marina Oural

Produce: aCentral Folque

JUANA_DOCENCIA

É un proxecto artístico-educativo **aberto á participación de calquera persoa interesada na experimentación con poesía, danza, música e creación escénica** fundamentado na escritora uruguaia de ascendencia galega Juana de Ibarborou (1892-1979) que vén de ser galardonado co I Premio “Luísa Villalta” de Proxectos Culturais pola Igualdade das áreas de Cultura e Igualdade da Deputación da Coruña.

Juana_Docencia nace da performance **Juana de Ibarborou_Inspiracións** (2017), a cal integra no guión textos de escritoras de diferentes séculos (Rosalía de Castro, Juana de Ibarborou, Marina Oural). Conta en escena con Marina Oural (poesía e voz), Irene Álvarez Coto (danza) e Chefa Alonso (música), tres mulleres de diferentes xeracións que lideran as súas parcelas artísticas baixo a dirección escénica de Mónica Cofiño.



Partindo dun espectáculo nacido desde unha visión contemporánea, estas catro creadoras abren unha xanela á participación e experimentación artística a través de **catro obradoiros abertos** que se desenvolverán en **abril de 2018** para aprender e vivenciar como e desde onde as escritoras crean. Un dos bastións fundamentais deste proxecto de arte e educación sitúase no ecofeminismo: alén do propio corpo, unha das principais ferramentas escénicas coas que se traballa nos obradoiros son as fabas de Lourenzá (localidade de orixe da familia de Juana de Ibarbourou e lugar de nacemento da directora do proxecto, Marina Oural). A semente 'galaica' sobe desde a terra para a escena nunha viaxe imaxinaria para entroncar coa forza da arte desde a creación e a diversidade de mundos posibles compartidos. O pequeno é grande identificado aquí na agricultura sostible e de proximidade que se tenta fomentar cun sentido de conservación do rural e implicación da súa poboación. Preténdese, na fin, sumar enerxía e voces que desde unha perspectiva de xénero liguen a arte como ferramenta de construción dun futuro máis xusto para os seres humanos independentemente do seu xénero.

Juana_Docencia rematará coa posta en escena da performance *Juana_Inspiracións* o domingo 29 de abril no Auditorio Municipal de Vimianzo. Nesta representación estarán integrados na obra diversos achados artísticos xurdidos da experiencia dos obradoiros desenvolvidos nas semanas previas.

CANTOS E COMO SERÁN OS OBRADOIROS?

- Serán tres sesións de traballo artístico colectivo e interdisciplinar de 12 horas en total.
- Dúas das sesións, de 4 horas cada unha, están abertas á participación das persoas inscritas, a terceira de 4 horas é para traballo interno do equipo docente.
- O número máximo de participantes por obradoiro é de 15 persoas.
- A cada participante faráselle entrega de material didáctico con código QR que dará acceso a contidos multimedia.
- A poesía, a danza, a música e a creación escénica son os piares que guiarán as aulas.

QUEN SON AS FACILITADORAS?

- Chefa Alonso. Compositora, saxofonista e percussionista.
- Mónica Cofiño. Directora escénica, bailarina e performer.
- Irene Álvarez Coto. Bailarina e fisioterapeuta.
- Marina Oural Villapol_MOV. Poeta e performer.

ONDE E CANDO SERÁN OS OBRADOIROS ABERTOS AO PÚBLICO?

RIANXO. Auditorio Municipal

Venres 13 (17h-22h) e sábado 14 (16h-20h) de abril.

OLEIROS. Centro Cultural A Fábrica

Venres 20 (16h-20h) e sábado 21 (16h-20h) de abril.

ORTIGUEIRA. Teatro da Beneficiencia

Luns 23 (16h-20h) e martes 24 (16h-20h) de abril.

VIMIANZO. Auditorio Municipal.

Venres 27 (16h-20h) e sábado 28 (16h-20h) de abril.

CALES SON AS CONDICIÓNIS PARA PARTICIPAR?

- A participación nos obradoiros é completamente gratuita. Só é necesario inscribirse previamente.
- Os obradoiros de Juana_Docencia están abertos a todos os públicos e non se esixe ningún tipo de formación previa para participar se ben se priorizará a participación activa de mulleres, adolescentes e de docentes e artistas das diferentes especialidades: música, poesía, teatro, danza, circo, artes plásticas...
- É **imprescindible** que a persoa participante especifique na inscrición que recurso quere traballar no obradoiro: corpo, texto, voz, instrumento, interpretación... Pódese participar desde varias especialidades á vez, só é preciso enumeralas no momento de reservar a praza. Se es música ou artista plástica é imprescindible traer o material necesario da túa especialidade: un instrumento musical ou un obxecto sonoro, pinceis e pinturas, etc.
- Priorizarase a participación das persoas censadas nos concellos participantes.

COMO INSCRIBIRSE E ONDE?

Chamando por telefono ou escribindo aos enderezos electrónicos das áreas de cultura de cada un dos concellos. Reserva xa a túa praza.

RIANXO

Tlf: Auditorio de Rianxo 981 100 688 (ext.1). Polas mañás // cultura@concelloderianxo.gal

OLEIROS

Tlf: Dpto. Cultura 981 610 000 // cultura@oleiros.org ou r.caparros@oleiros.org

ORTIGUEIRA

Tlf: 981 400 000 Dpto Cultura. Polas mañás // mlopez@concellodeortigueira.com

VIMIANZO

Tlf: 981 717 288 (Casa de Cultura) // cultura@vimianzo.gal

+ **info e contacto:** marina.oural.villapol@gmail.com

http://www.folque.com/01.140415wp/actividades/productions/juana_docencia/

Promove:



Deputación
DA CORUÑA



Produce:



Colaboran

